

Materia	LINGUA E LITERATURA	Curso 23-24	3º ESO
Profesoras	Esperanza Videla Pérez		

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1ª, 2ª e 3ª Avaliación

1. Competencia en Comunicación lingüística: 85%

- A) Exames (2 por avaliación). 70%** Os exames conterán exercicios de comprensión, análise e produción textual, así como de funcionamento da lingua, lingua e sociedade e literatura
- B) Tarefas escritas/orais individuais ou en grupo: 10%.**
- C) Uso habitual da lingua galega nas comunicacións orais e escritas: 5%**

O alumnado terá que ler cada avaliación un libro de lectura. A lectura deste libro avaliarase na parte B. Os apartados B e C serán medidos mediante rúbricas e rexistros cuantitativos.

2. Competencia aprender a aprender, social e cidadá, Conciencia de expresións culturais e dixital: 15%

Observación sobre o seu esforzo, organización e autonomía no seu traballo diario.

Observación da responsabilidade na entrega de tarefas, nos prazos, no coidado do material e do respecto e a harmonía cos compañeiros/as e profesora.

Observación do respecto e interese sobre as distintas manifestacións culturais e da súa creatividade.

Observación da súa capacidade de manexar as TIC, buscar e transformar a información e manexar as fontes de información.

Todos estes aspectos serán medidos coas rúbricas correspondentes, que serán coñecidas polo alumnado.

Neste apartado incluíranse tamén as tarefas (deberes). A non realización das tarefas marcadas implica a diminución da porcentaxe aplicada para a superación da materia (-0,25 de cada vez, que poderá recuperarse entregando as tarefas non feitas na seguinte sesión de clase)

Das cualificacións de todos os traballos e probas escritas e mais dos exames restarase puntuación por **erros ortográficos** (máximo -2 puntos) e de **presentación** (máximo -0,5 puntos); as faltas de ortografía descontaranse do seguinte xeito:

- a. Faltas copiadas ou moi graves: 0,1 puntos cada unha
- b. Resto de faltas, incluídos os tiles: 0,1 puntos cada 2 faltas

No caso de que se descubra a un alumno ou alumna **copiando** nalgunha proba, traballo ou exame en que non estea expresamente permitido, anularáselle a parte implicada ou totalidade do exercicio, segundo se considere oportuno, que pasará a computar como un cero para os efectos da avaliación trimestral.

O alumno que non se presente a unha proba de avaliación faraa no prazo de 2 días (máis tardar) desde que se incorpore. De non facelo así terá que facela na proba de recuperación correspondente.

A participación nas diferentes actividades programadas polas distintas coordinacións do centro sumará ata 1,5 puntos sobre a nota aprobada da materia.

Coa finalidade de fomentar o hábito lector, o alumnado poderá ler un máximo de **dous libros voluntarios** por avaliación (escollidos do listado facilitado pola profesora), que computarán ata 0,5 puntos cada un sobre a nota global da avaliación, pero sempre a partir do aprobado. Para a súa valoración deberán realizar un breve control oral da lectura seleccionada.

Recuperacións:

Despois da 1ª e da 2ª avaliación propoñeráselle ao alumnado ao traballo de recuperación dos bloques non superados (exame, traballo, lecturas...), sempre referido ao 85% da competencia en comunicación lingüística. A esa nota sumarase a nota acadada nas outras competencias avaliadas. Despois da 3ª avaliación traballarán para superar a materia ou subir nota na Avaliación Ordinaria.

Cualificación da Avaliación Ordinaria da materia:

- O alumnado aprobará curso cando a media ARITMÉTICA REAL (non a que figura no XADE) das tres avaliacións sexa 4,5 ou superior (independentemente das avaliacións aprobadas ou suspensas), redondeándose sempre á décima seguinte.

- O alumnado que non chegue a 4,5 terá que presentarse a un exame global final de toda a materia, independentemente de que teña aprobada algunha avaliación.